



ASISTENTES C.I.

C.I.G.

Federico Fernández Fernández
M^a Jesús Losada Rodríguez
Cándido Pérez Betanzos
Antón García Fernández

CC.OO.

Victoria Alonso Crespo
Aser Fernández Rey
Manuel Velasco Graña
Marcos Estévez Orge (DS)*

U.G.T.

Juanjo Fernández Pérez
J. Andrés Zapirain (DS)*

DELEGAN VOTO

Carmen Serra Rodríguez
Rodrigo Alberte Pivida
Carlos Mollinedo

AUSENTES C.I.

Arturo Casar Sarasola

*DS- Delegado Sindical

Reunidos nos locais sindicais do Edificio Fundación do Campus de Vigo o día 9 de novembro de 2005, ás 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 horas en segunda, coa seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
2. Informe do Presidente.
3. Informes dos representantes nas distintas comisións ou tribunais.
4. Acción social. Convocatoria 2004. Propostas e toma de acordos sobre a distribución do remanente.
5. Formación. Subvención da EGAP; proposta de cursos e toma de acordos. Proposta de Aser Fernández.
6. Necesidades de persoal en distintas dependencias da universidade (conserxería e biblioteca da Escola de Minas, conserxería biblioteca do Campus de Ourense, técnico especialista F. de Belas Artes).
7. Toma de acordo sobre asuntos de persoal, segundo escrito enviado ao CI por Ramón Domínguez Santos.
8. Rogos e Preguntas.

A reunión é presidida por Cándido Pérez, Presidente do CI,. Antes de comezar da conta dos votos delegados que, neste caso, corresponden aos debidamente enviados por Carlos Mollinedo e Rodrigo Alberte que delegan en Cándido Pérez, e Carmen Serra que delega en Manuel Velasco.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.

Tras realizar algunhas corrección apróbase a acta correspondente a reunión celebrada os días 15 e 22 de setembro.

2. Informe do Presidente.

Antes da pasar o informe propiamente dito informa do accidente laboral que no día de onte (8 de novembro de 2005) sufriu o técnico especialista de servizos xerais, Humberto Ferreira Grobas, cando se atopaba realizando funcións pertencentes ao seu oficio. Logo, da conta do seguinte:

- Das delegacións de voto
- Da contratación temporal, prórrogas e mobilidade.
- Da execución de acordos:
 - o Escrito solicitando negociacións para definir a produtividade do ano 2005.
 - o Escrito solicitando o adiamento do concurso de traslados.
 - o Escrito referente a Escola Infantil.
 - o Escrito solicitando a convocatoria da C. Paritaria.
 - o Escrito de contestación a T. E. de laboratorio.
 - o Escrito solicitando documentación sobre a acumulación de vacacións e sábados traballados polo persoal de conserxería da EUEE de Vigo.



- Da Comisión Permanente celebrada o 10 de outubro na que se trataron os seguintes asuntos.
 - o Designación dos representantes do CI nas comisións de selección do Programa Labora 2006.
 - o Provisión temporal de persoal na F. de Belas Artes e Escola de Minas
- Do envío por parte da xerencia da RR de suplencia dos/as administradores/as.
- Da RR de suplencia do xerente.
- Da normativa de permiso e licenzas do PDI.
- Da invitación para asistir a inauguración do curso 2005/06.
- Do escritos enviados por Ramón Domínguez Santos, Celsa Corbillón Feijoo e M^a Olga Fontán Maquieira.
- Do peche que vai producir na biblioteca do Campus de Ourense por mor do traslado ás novas instalacións.
- Do convenio asinado entre a Universidade de Vigo e o Banco de Santander.
- Da petición feita á xerencia para que redacte a proposta de Convenio.

Ao rematar o informe o Presidente propón **solicitar unha reunión coa xerencia** para tratar, cando menos, os seguintes asuntos:

- o Constitución da Mesa Negociadora (sindical) do PAS (laboral e funcionario)
- o Paga de produtividade de 2005.
- o Concurso de traslados do persoal laboral.
- o Convocatoria da Comisión Paritaria do I^o Convenio Colectivo.

Dita petición é apoiada unanimemente polos presentes.

3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións e das reunións mantidas polos distintos membros.

Comisión de Selección Plan Labora e outros tribunais

Aser Fernández da conta do voto particular presentado perante a Comisión de Avaliación de dúas prazas para o programa "Observatorio de demandas lingüísticas". O motivo de dito voto é que o servizo de RR HH remitiu á Comisión no mesmo sobre a documentación dos candidatos xunto coa documentación propia da Comisión ao facelo deste xeito alega que non se respectan os principios igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

Outros membros do CI dan conta do traballo feito noutras comisións e tribunais sen que houbera outras incidencias a destacar.

4. Acción social. Convocatoria 2004. Propostas e toma de acordos sobre a distribución do remanente.



Victoria Alonso e Federico Fernández dan conta do tratado na reunión da Comisión de Acción Social celebrada o 28 de outubro de 2005¹. En dita reunión a empresa comunicou (tras demandalo Federico Fernández en rogos e preguntas) que na partida de acción social existe un remanente de 59.170 €, cartos dos que hai que descontar a reserva para o intercambio de vacacións do PAS. A representación do PAS avisou de que daría conta deste asunto nos órganos de representación e así poder facer propostas de reparto do diñeiro sobranter.

Ábrese unha quenda de intervencións para facer suxestións sobre a distribución deste remanente.

Federico subliña que de non facer a pregunta a empresa non comunicaría ese dato.

Cándido Pérez propón calcular un coeficiente que saíra de dividir a cantidade a distribuír entre a cantidade repartida e logo multiplicar o resultado obtido polas cantidades outorgadas aos participantes.

José A. Zapirain tamén propón incrementar ás axudas xa recibidas e tamén devolver o 1% a todos os traballadores e traballadoras.

Manuel Velasco, propón que cando menos unha parte de esa cantidade se destine a programas de desenvolvemento impulsados por ONG de recoñecido prestixio en Guatemala, Cachemira e nun país africano afectado pola seca.

Malia as distintas propostas todos/as os/as presentes coinciden en que ese remanente ten que ser repartido.

Acórdase solicitar unha reunión coas Xuntas de Persoal (PAS, PDI) para facer unha proposta conxunta. Encárgase a Comisión de Acción Social a xestión de todo o referente a este asunto.

5. Formación. Subvención da EGAP; proposta de cursos e toma de acordos. Proposta de Aser Fernández.

(Neste momento súmase a reunión Juanjo Fernández Pérez)

Aser Fernández, presenta unha proposta² relativa a o uso da subvención concedida pola EGAP (Escola Galega de Administración Pública). En dito documento fai referencia aos compromisos adquiridos pola xerencia cos órganos de representación en materia de formación e suxire que este ano esa partida se dedique, cando menos, a realización de dous cursos para a área de conserxería un de mantemento e outro de novas tecnoloxías.

J. Andrés Zapirain, pregunta se o curso sobre a norma ISO 9001 que se está a impartir ao persoal de biblioteca foi aprobado pola Comisión de Formación. Tamén asegura que é preciso que a Comisión coñeza e aprobe previamente os cartos que se poden gastar.

Antón García di que todo curso de formación que se realice ten que pasar pola Comisión e lembra que o ano pasado pasaron os datos económicos no

¹ O informe de dita reunión quedará anexo a esta acta.

² Quedará anexada a esta acta.



último trimestre. Tamén propón que se realice un curso de albanelería para o persoal de conserxería.

Federico Fernández propón un curso contraincendios. Victoria Alonso suxire un curso da atención ao público.

6. Necesidades de persoal en distintas dependencias da universidade (conserxería e biblioteca da Escola de Minas, conserxería biblioteca do Campus de Ourense, técnico especialista F. de Belas Artes).

Conserxería e biblioteca da Escola de Minas.

Cándido Pérez, da conta de que se contrataron dous auxiliares técnicos de servizos xerais, un para traballar na quenda de mañá e outro na de tarde. Respecto as necidades da biblioteca lembra que ese asunto se vai a tratar especificamente no punto

Técnico Especialista F. De Belas Artes.

A necesidade desta cobertura ven dada pola petición dunha licenza sen soldo por un dos técnicos especialistas. A xerencia enviou unha proposta de convocatoria que non se axusta ao recollido no Anexo IV do vixente Convenio. Cándido Pérez lembra que nesta proposta non se recolle a intención manifestada pola xerencia para establecer listas con especialidades.

Acórdase realizar un escrito no que se solicite á xerencia que se elimine a entrevista e que a puntuación se axuste ao recollido no Convenio.

Noméanse, así mesmo, a Aser Fernández como representante titular do CI na comisión de selección e a Carlos Mollinedo como representante suplente.

Biblioteca do Campus de Ourense.

A actual biblioteca péchase a partir do luns, 14 de novembro, e comezará o traslado para o novo edificio. Para poñelo en marcha é preciso contratar a persoal de conserxería. Cándido Pérez informa que o administrador do Campus solicitou un técnico especialista de servizos xerais, para a quenda de mañá, e dous auxiliares técnicos de servizos xerais un para cubrir a quenda de mañá e outro para a quenda de tarde. O administrador solicita que a adscrición do persoal se faga ao edificio.

Antón García, asegura que é preciso pensar a adscrición e distribución do persoal dun xeito distinto. Pregunta canto persoal está asignado á conserxería do Edificio de Ferro e di que agora, ao mudar a biblioteca de instalacións, terán menos traballo que facer. Afirma tamén que ten a sensación de que o persoal, en xeral, no da de si todo o que pode dar e que as funcións que son propias da área de conserxería que se lle están a encargar, algunhas veces, a empresas alleas á universidade.



Cándido destaca que a xerencia non fixo ningunha proposta de como cubrir esta necesidade de persoal. Describe a disposición das dependencias no Campus de Ourense e o reparto do persoal e sinala que noutros centros se atende de forma distinta tantos ou máis pavillóns que os existentes en dito campus. Corrobora todo o dito con datos estatísticos elaborados a partir de información dispoñible no web da universidade.

J. Andrés Zapirain, argumenta que o traballo que o traslado da biblioteca lle quita ao Edificio de Ferro non é comparable ao que se precisa para atender un novo edificio. Para rebater o anteriormente dito sinala que tamén habería que estudar posibles reaxustes do cadro de persoal noutros edificios. A solicitude que fai o administrador lle parece correcta e sinala que lle corresponde a empresa crear ou trasladar as prazas a dotar.

Chus Losada, informa que o edificio ten seis andares tres deles soterrados e que ocupa unha superficie de máis de 5000. m² e que é preciso que o día 15 de novembro conte co persoal necesario para a súa posta en marcha.

Manuel Velasco, expón que toda contratación de persoal debера ir acompañada dun escrito motivando a necesidade que se pretende cubrir, que esta é unha tarefa que lle corresponde facer a empresa mais que non é así. Razona, así mesmo, que é necesario distribuír con criterio ao persoal para evitar inflar o cadro de persoal e facer unha distribución xusta das cargas de traballo. Apoia a dotación proposta polo administrador e asegura que como administración pública é a nosa obriga render contas diante da sociedade, subliñando que a Universidade de Vigo parece o mundo ao revés pois como é sabido as propostas sempre lle corresponde facelas aos sindicatos ou ao órgano de representación e non aos que teñen e cobran a responsabilidade.

J. A. Zapirain avisa que no caso de que se lle pida a xerencia que redistribuíra o persoal vai presentar un voto particular.

Antón García, contéstalle que lle parece hipócrita a súa postura, o aludido contéstalle que, ao seu entender, pode ser cínica mais non hipócrita.

O Presidente do CI fai a seguinte proposta: “comunicar á xerencia que se dote o novo edificio da biblioteca do Campus de Ourense cun técnico especialista de servizos xerais, en quenda de mañá, e dous auxiliares técnicos de servizos xerais, un para a quenda de mañá e outra para a da tarde, lembrándolle a empresa que conta cos recursos persoais e organizativos para facelo coa máxima urxencia”

Producida a votación non hai ningunha abstención nin voto en contra polo que se entende que a **proposta é aprobada por unanimidade**. De seguido o Presidente lle recorda ao delegado de UGT que ao non existir ningún voto en contra non pode realizar o anteriormente referido voto particular.

7. Toma de acordo sobre asuntos de persoal, segundo escrito enviado ao CI por Ramón Domínguez Santos.



Ramón Domínguez Santos, é técnico especialista de biblioteca na biblioteca da Escola Técnica Superior de Enxeñería e actualmente desenvolve o seu traballo en solitario na quenda de tarde. O novo edificio ao que foi trasladado esta dependencia ten unhas características físicas que fai que sexa moi complicado que estea atendida por unha soa persoa. Emporiso, no seu escrito solicita a contratación doutro TEB na quenda de tarde e sinala que nas circunstancias actuais non se fai cargo dos posibles danos ás instalacións, nin dos furtos dos fondos existentes, nin das queixas que se puideran derivar da calidade do servizo prestado.

Nas distintas intervencións que se producen durante o debate considérase xusta e motivada a petición que realiza o citado traballador e sinálase que as escolas de industriais, minas e telecomunicacións comparten dependencias administrativas pero non a biblioteca debido a falta de acordo das xuntas de escola.

Tras o debate **acordase** apoiar unanimemente a petición doutro TEB para a quenda de tarde da biblioteca de industriais e minas. Acórdase tamén contestar o escrito enviado ao CI por Ramón Domínguez.

8. Rogos e preguntas.

Aser Fernández, pregunta sobre os efectos que o informe sobre a apertura en fin de semana elaborado pola BUV pode ter en decembro cando de novo entremos noutra época de exames.

Antón García, alude a proposta do plan de calidade feita pola Facultade de Bioloxía no que sinalan que a adscrición funcional do persoal poida ser decidida entre os decanos e a administradora. Chama a atención do Pleno sobre as consecuencias que esta medida podería producir. Victoria Alonso recorda que pertence a esa comisión e que ten claro que esa medida a vai a rexeitar.



Acordos:

- Solicitar unha reunión coa xerencia para tratar asuntos do PAS laboral.
- Solicitar unha reunión conxunta coas Xuntas de Persoal de PAS e PDI para tratar sobre o reparto do remanente da acción social.
- Solicitar á xerencia que axuste a convocatoria de contratación dun TE de Belas Artes ao recollido no Anexo IV do vixente Convenio Colectivo. Solicitar a eliminación da entrevista. Nomear a Aser Fernández como titular desta comisión de selección, en representación do CI, e a Carlos Mollinedo como suplente.
- Comunicar á xerencia que se dote o novo edificio da biblioteca do Campus de Ourense cun técnico especialista de servizos xerais, en quenda de mañá, e dous auxiliares técnicos de servizos xerais, un para a quenda de mañá e outra para a da tarde, lembrándolle a empresa que conta cos recursos persoais e organizativos para facelo coa máxima urxencia.
- Solicitar un técnico especialista de biblioteca para apoiar a quenda de tarde na biblioteca da ETSEI e Minas. Contestar ao escrito de Ramón Domínguez.

Fdo: Manuel Velasco Graña
(Secretario)

VºBº: Cándido Pérez Betanzos
(Presidente)